

PROTOCOLO DE FOLGA DE ESTUDANTES

A folga do alumnado non está recollida explicitamente, senón que se pode interpretar como unha consecuencia do dereito de reunión, no artigo 8 da LODE de 1985, modificado pola LOE de 2006, na Disposición derradeira primeira, nos seguintes termos:

«Co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia á clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.»

Pódese entender pois, que este dereito está **recoñecido a partir do terceiro curso de ESO**, como exercicio do dereito á toma de decisións colectivas. Establécese tamén a necesidade de que os centros regulen nas súas normas como deberá concretarse este dereito. Polo tanto as NOF establecen o seguinte:

Artigo 37 do NOF. Folgas do alumnado.

1. O alumnado de 1º e 2º ESO ten dereito individual á folga. En caso de querer exercer ese dereito cada alumno/a fará entrega á xefatura de estudos, con 48 horas de antelación, do ANEXO XV.

2. Cando o alumnado de 3º curso da ESO en adiante queira exercer o seu dereito de folga deberá seguir o seguinte procedemento:

1º Reunión da Xunta de Delegados que informa aos compañeiros e compañeiras e decidir se deben secundar a folga.

2º Informar á dirección do centro cun mínimo de 48 horas de antelación.

3º Cada delegado/a solicitará á xefatura de estudos o ANEXO XVI na que se recollerán os apelidos, nomes e sinaturas do alumnado do seu grupo que secunda a folga, que será de novo entregada ao xefe ou xefa de estudos.

3. Os titores e as titoras de cada grupo:

a) Repartirán autorizacións, ANEXO XVII, que deben vir asinadas polos pais/nais ou titores legais do alumnado menor de idade, nas 24 horas antes do día da folga.

b) No día da folga chamarán aos pais/nais ou titores legais do alumnado menor de idade ausente que non trouxera o xustificante asinado.

c) Poñerán falta xustificada ao alumnado que exerza o seu dereito á folga, sempre que cumprira a normativa recollida nos apartados deste artigo.

4. O profesorado:

a) Deberá asistir ao centro e cumprir o seu horario normal, aínda cando non teña clase.

b) Colaborará nas labores de mantemento de orde e bo funcionamento do centro.

5. As actividades complementarias e extraescolares e os exames manteranse nos días de folga.